










UNIDADES DIDÁCTICAS



OS CANTEIROS



Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego / Departamento de Educación
e Acción Cultural

Elaborada por: *Isabel Méndez Lojo*

Debuxos: *Xoán Ramón Marín Martínez*

Foto da portada: Legado de *Xaquín Lorenzo*.
Museo do Pobo Galego

Edita: Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
Depósito legal: C-1064-2001

INTRODUCCIÓN

O traballo da pedra é tan antigo como o home e a súa importancia na nosa terra queda explicada pola abundancia e calidade da materia prima. Dolmens e castros dan testemuño da habilidade constructiva e da antigüidade deste oficio.

Nos séculos XI e XII, Compostela deulles ocasión de exercer a súa profesión a numerosos artistas que se reuniron en torno á obra da Catedral.

No XVI produciuse unha gran mudanza coa chegada de moitos traballadores de fóra de Galicia, o que supuxo o anovamento de modos constructivos, instrumentos, costumes, cancións, vocabulario... Sen embargo, isto non significou a anulación da cantería local, como o demostra o novo esplendor da escola galega dous séculos máis tarde, protagonizado polos artistas das terras da actual provincia de Pontevedra, que constituíu o núcleo máis fecundo de canteiros.

A recuperación do traballo da cantería é un feito na actualidade gracias ó labor desenvolvido polas escolas-obradoiro. En Galicia está a rexurdir hoxe unha xeración de artesáns que colabora na recuperación do patrimonio cultural, participa na construción de novos edificios en pedra e asegura a continuidade deste oficio.



Museo do Pobo Galego / Departamento de Educación
e Acción Cultural

Elaborada por: *Isabel Méndez Lojo*

Debuxos: *Xoán Ramón Marín Martínez*

Foto da portada: Legado de *Xaquín Lorenzo*.
Museo do Pobo Galego

Edita: Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
Depósito legal: C-1064-2001



A XORNADA

No traballo da pedra, cómpre diferenciar o labor de pedreiros e canteiros. Os primeiros facilitábanlles a materia de traballo ós segundos, aínda que eran moitos os canteiros –sobre todo no campo– que arrincaban a pedra que precisaban. Unha variedade de pedreiros eran os chanteiros, especializados en arrincar chantos, lousas de pedra que se espetaban na terra para separar propiedades.

Mentres uns canteiros traballaban na súa terra, moitos outros marchaban da súa casa na Pascua e non volvían ata o Nadal. De feito, os canteiros pontevedreses marchaban por tempadas a Castela, onde eran moi solicitados para obras de envergadura. Certas cantigas recollen este carácter itinerante do oficio:

En palabras de canteiros
rapazas, non vos fiedes,
collen os picos e marchan,
rapazas, ¿que lles queredes?

A xornada daba comezo cara ás 6 da mañá, cando se encamiñaban ó traballo coa súa indumentaria característica: sombreiro de la calado, camisa, escapulario e fita encarnada enrodelada ó pescozo, chaqueta ou casaca, cirolas ou calzóns de algodón a raias e todo o seu arsenal de ferramentas ó lombo.

Ás 8 parábase para almorzar, e a mediodía o que dirixía a tarefa empregaba a verba *¡Abalou...!* para indicar que era o momento de comer e descansar media hora. A súa alimentación consistía en pan de millo, caldo, ás veces touciño con patacas e augardente. A xornada remataba co toque da tarde das campás da igrexa que chamaban á oración.

Era frecuente que os canteiros sufrisen feridas nas mans e nos ollos. Lavaban as feridas das mans con ouriños ou augardente e colocaban por riba –para evitar hemorraxias– po da pedra que traballaban, cinza de tabaco, teas de araña ou follas de plantas. Cando un aruxo lles entraba nos ollos, sacábano con barbas de lebre, pelos de porco, co metro ou coa punta dunha navalla.

O regreso ó fogar organizábase en función da especialidade e experiencia no traballo da pedra: os oficiais volvían sobre a cuberta da dilixencia ou berlina, os pi-



A XORNADA

No traballo da pedra, cómpre diferenciar o labor de pedreiros e canteiros. Os primeiros facilitábanlles a materia de traballo ós segundos, aínda que eran moitos os canteiros –sobre todo no campo– que arrincaban a pedra que precisaban. Unha variedade de pedreiros eran os chanteiros, especializados en arrincar chantos, lousas de pedra que se espetaban na terra para separar propiedades.

Mentres uns canteiros traballaban na súa terra, moitos outros marchaban da súa casa na Pascua e non volvían ata o Nadal. De feito, os canteiros pontevedreses marchaban por tempadas a Castela, onde eran moi solicitados para obras de envergadura. Certas cantigas recollen este carácter itinerante do oficio:

En palabras de canteiros
rapazas, non vos fiedes,
collen os picos e marchan,
rapazas, ¿que lles queredes?

A xornada daba comezo cara ás 6 da mañá, cando se encamiñaban ó traballo coa súa indumentaria característica: sombreiro de la calado, camisa, escapulario e fita encarnada enrodelada ó pescozo, chaqueta ou casaca, cirolas ou calzóns de algodón a raias e todo o seu arsenal de ferramentas ó lombo.

Ás 8 parábase para almorzar, e a mediodía o que dirixía a tarefa empregaba a verba *¡Abalou...!* para indicar que era o momento de comer e descansar media hora. A súa alimentación consistía en pan de millo, caldo, ás veces touciño con patacas e augardente. A xornada remataba co toque da tarde das campás da igrexa que chamaban á oración.

Era frecuente que os canteiros sufrisen feridas nas mans e nos ollos. Lavaban as feridas das mans con ouriños ou augardente e colocaban por riba –para evitar hemorraxias– po da pedra que traballaban, cinza de tabaco, teas de araña ou follas de plantas. Cando un aruxo lles entraba nos ollos, sacábano con barbas de lebre, pelos de porco, co metro ou coa punta dunha navalla.

O regreso ó fogar organizábase en función da especialidade e experiencia no traballo da pedra: os oficiais volvían sobre a cuberta da dilixencia ou berlina, os pi-



cadores montados sobre cabalgaduras e a tropa de aprendices a pé. Esta diferenciación reflicte a forte xerarquización existente nos gremios. Estes naceron como asociacións de profesionais dun mesmo oficio agrupados co fin de axudárense entre eles. Dentro dos gremios distínguense tres categorías profesionais: mestre, oficial e aprendiz. O mestre canteiro obtiña o seu título tras un exame, controlaba o gremio e desempeñaba os cargos importantes. Para chegar a mestre era preciso ter sido previamente oficial durante unha tempada variable. Os aprendices estaban baixo a tutela dos mestres, que os mantiñan e lles ensinaban os segredos do oficio a cambio do seu traballo.

Os aprendices de canteiro (tamén chamados barrocos, pinches ou rapaces) familiarizábanse coa pedra dando servizo de cal ou barro, levando auga ou facendo aberturas na rocha e metendo cuñas para extraer o bloque. Así o reflicten cantigas coma esta de Forcarei:

Son un canteiro novo
inda non gaño diñeiro
boto barro nas paredes
levo os picos ó ferreiro


O TRABALLO

Material

O granito é a rocha máis abundante da cortiza terrestre: ocupa do 5 ó 10% do total da superficie do globo. É unha rocha cristalina composta por pequenos grans de cuarzo, mica e feldespato. É dura e compacta cunha coloración moi variada (gris, azulada, verde ou rosa) segundo os minerais predominantes na súa composición. Os canteiros asignábanlle á pedra denominacións distintas segundo a súa finura e calidade. Así falaban de granito de primeira, segunda ou terceira; de gallo ou coiro de sapo, cando a pedra era rústica e semellaba a pel deste animal, etc.

O canteiro tamén traballaba con lousa, pero limitábase a retocar as pezas coa maceta antes de colocalas no seu lugar.

Ferramentas




1. Paóferro
2. Plomo
3. Martillón
4. Maceta
5. Martelo
6. Buxarda
7. Compás
8. Pico
9. Cuña
10. Cicel
11. Lima
12. Punteiro
13. Acodadeira
14. Escuadra

Extracción

As pedras extráense das rochas graníticas que están ó aire. O primeiro paso é localizar a zona de extracción para empezar a sacar os bloques. É fundamental buscalle o andar á pedra; é dicir, a dirección na que se ha de rachar. No bloque márcase –coa regra de ferro empregada polos pedreiros e canteiros– unha liña recta que coincide co andar e sobre ela fanse buratos cun pico. As aberturas afóndanse golpeando coa maceta, que é un instrumento con mango de madeira e forma rectangular, no punteiro ou na acodadeira. Estes dous útiles son barras de ferro que se diferencian na forma da punta: en pico no caso do punteiro e achatada na acodadeira. Nos buratos introdúcense cuñas de ferro ou guillos que se golpean co martillón co fin de fracturar a masa rochosa.

Cando a pedra abre, levántase o bloque metendo unha panca. Antigamente, as cuñas ou guillos eran de madeira, metíanse nas aberturas e humedecíanse deixándoas toda a noite ata que a pedra abrise pola dilatación da madeira.

Ferramentas




1. Paoferro
2. Plomo
3. Martillón
4. Maceta
5. Martelo
6. Buxarda
7. Compás
8. Pico
9. Cuña
10. Cícel
11. Lima
12. Punteiro
13. Acodadeira
14. Escuadra

Extracción


As pedras extráense das rochas graníticas que están ó aire. O primeiro paso é localizar a zona de extracción para empezar a sacar os bloques. É fundamental buscarlle o andar á pedra; é dicir, a dirección na que se ha de rachar. No bloque márcase –coa regra de ferro empregada polos pedreiros e canteiros– unha liña recta que coincide co andar e sobre ela fanse buratos cun pico. As aberturas afóndanse golpeando coa maceta, que é un instrumento con mango de madeira e forma rectangular, no punteiro ou na acodadeira. Estes dous útiles son barras de ferro que se diferencian na forma da punta: en pico no caso do punteiro e achatada na acodadeira. Nos buratos introdúcense cuñas de ferro ou guillos que se golpean co martillón co fin de fracturar a masa rochosa.

Cando a pedra abre, levántase o bloque metendo unha panca. Antigamente, as cuñas ou guillos eran de madeira, metíanse nas aberturas e humedecíanse deixándoas toda a noite ata que a pedra abrise pola dilatación da madeira.




Labra


A labra consiste en desbastar a rocha e preparala para tarefas posteriores. Como o bloque que sae da rocha é grande, hai que seguir o proceso xa citado para obter bloques máis pequenos: coa regra márcase unha liña, fanse as aberturas e golpéanse; a pedra abre e despréndese outro bloque do mesmo longo e o mesmo ancho có primeiro, pero de menos profundidade. Se se segue o mesmo proceso en dirección contraria, conséguese un bloque coa anchura axeitada. Os bloques obtidos son rugosos e desiguais, polo que son necesarios varios pasos para darlles unha forma regular e unhas superficies chairas, de maneira que asenten uns por riba dos outros. Na cara superior do bloque márcase coa regra unha liña recta por onde deberá ir a aresta. Por esta liña golpéase co martelo desprendendo a pedra sobrante.



Despois, co cisel e a maceta, afóndase na aresta, como paso previo ó emprego do pico para igualar o resto da superficie.




Unha vez igualadas tódalas superficies, remátase de alisalas golpeándoas perpendicularmente coa buxarda (maza de ferro que leva nos extremos unhas placas cuadrículadas en relevo e intercambiáveis). A maior número de cadradiños en relevo, máis fina queda a superficie do granito.




No traballo de labra fina, o canteiro emprega ademais o compás, a escuadra e o plomo para medir e comprobar.

Despois, co cicel e a maceta, afóndase na aresta, como paso previo ó emprego do pico para igualar o resto da superficie.



Unha vez igualadas tódalas superficies, remátase de alisalas golpeándoas perpendicularmente coa buxarda (maza de ferro que leva nos extremos unhas placas cuadrículadas en relevo e intercambiables). A maior número de cadradiños en relevo, máis fina queda a superficie do granito.



No traballo de labra fina, o canteiro emprega ademais o compás, a escuadra e o plomo para medir e comprobar.

A tradicional tarefa de pedreiros e canteiros realízase hoxe con medios máis modernos e eficaces: os orificios de inserción para as cuñas fanse cunha barrena, a extracción realízase con barrenos e martelos pneumáticos e o bloque introdúcese nas serras e córtase en placas ata conseguir a medida estandarizada. A fase conclúe co pulido mecánico da superficie.

Transporte

Existen diferentes formas de transportar os bloques ata o lugar de transformación, carga ou destino. A máis sinxela é levar a pedra sobre roletes e empurrar coas mans, o que permite desprazar pesos pequenos a curtas distancias. Tamén se pode utilizar o paoferro cando as pezas son máis grandes. Para erguer as pedras empréganse roldanas, máis ou menos sinxelas segundo o peso da pedra. Outro medio de transporte moi antigo é o carro.



Luis Zamora Bañón

O traballo de carretar e erguer pedras esixe o traballo simultáneo de varios homes. Para coordinar o movemento e unificar a tarefa, cantan cantigas coma estas acompañadas dunha música que regula o esforzo:

Vai, pedriña, vai!
E vai, miña pedriña, vai!
Pedriña, vai...!
E vai..., e vai..., e vai!

A... un... pedreiro
a... unha... pedra
alá compañeiro
que podemos con ela



Antigamente, ó remataren unha obra, os traballadores colocaban un ramo de loureiro adornado con fitas, flores e laranxas no alto da construción e o amo ou patrón adoitaba convidalos. Isto sucedía sempre e cando non tivese ocorrido ningunha desgracia durante a realización da obra. Nese caso, o ramo que se chantaba era de toxo ou piñeiro seco, ó que se lle prendía lume.

Antes da celebración, o canteiro dicía: “Mais o vixairo vai a zaspear unha greda xida a unha chumeira andía”. Esta frase, que significaba: “Seguro que o patrón vai pagar unha boa carne e unha bebida exquisita”, está no latín dos canteiros, a súa fala propia, da que imos tratar de seguido.

LATÍN DOS CANTEIROS, VERBO DOS ARXINAS, VERBA DOS BUXAS

Os canteiros e pedreiros caracterizábanse pola súa fala peculiar, que tiña como fin primordial o entendemento entre os pertencentes ó gremio, a escuridade para os outros e a salvagarda dos segredos da vida e do traballo. Probablemente, a súa orixe estivo na necesidade de posuír un xeito propio de comunicárense descoñecido para as persoas que estaban en contacto con eles e non pertencían á súa profesión: capataces, enxeñeiros, arquitectos, ou as donas das pousadas, nais das mozas coas que os canteiros se relacionaban. Só os canteiros estaban autorizados a coñecer esta lingua e a transmitila ós seus aprendices, sen que ninguén alleo á profesión puidese ter acceso ó seu coñecemento, agás a muller do canteiro. Os gremios e a Sociedade de Canteiros mesmo instituíron duros castigos contra aqueles que lles ensinasen o latín a persoas á marxe do traballo da pedra.

Segundo algunhas teorías, esta fala conta cunha importante influencia dos canteiros “biscaíños”, chegados a terras galegas no século XVI para reconstruír os castelos derrubados polos Irmandiños e levantar templos, pazos e outros monumentos, o que se constata pola destacable presenza de palabras en vasco. Podemos comprobar este influxo en palabras como *arria* (pedra), que procede da voz vasca *arri*, *chacurro* (can) que provén de *txakur*, *guiche* (pequeno), que semella vir do termo vasco *gutxi* (pouco), ou mesmo na denominación de *argino* (canteiro), que se compón de *ar* (pedra) e *gino* (preparador). Segundo outras teses, a xerga dos arxinas ten as súas orixes en diferentes linguas. Así atopamos palabras de procedencia diversa: latín, grego, vasco, francés, castelán, catalán. Probablemente foron as tempadas migratorias noutras terras –onde eran moi solicitados para obras de certa importancia– as que lles deron oportunidade ós canteiros de enriqueceren o



Antigamente, ó remataren unha obra, os traballadores colocaban un ramo de loureiro adornado con fitas, flores e laranxas no alto da construción e o amo ou patrón adoitaba convidalos. Isto sucedía sempre e cando non tivese ocorrido ningunha desgracia durante a realización da obra. Nese caso, o ramo que se chantaba era de toxo ou piñeiro seco, ó que se lle prendía lume.

Antes da celebración, o canteiro dicía: “Mais o vixairo vai a zasper unha greda xida a unha chumeira andía”. Esta frase, que significaba: “Seguro que o patrón vai pagar unha boa carne e unha bebida exquisita”, está no latín dos canteiros, a súa fala propia, da que imos tratar de seguido.

LATÍN DOS CANTEIROS, VERBO DOS ARXINAS, VERBA DOS BUXAS

Os canteiros e pedreiros caracterizábanse pola súa fala peculiar, que tiña como fin primordial o entendemento entre os pertencentes ó gremio, a escuridade para os outros e a salvagarda dos segredos da vida e do traballo. Probablemente, a súa orixe estivo na necesidade de posuír un xeito propio de comunicárense descoñecido para as persoas que estaban en contacto con eles e non pertencían á súa profesión: capataces, enxeñeiros, arquitectos, ou as donas das pousadas, nais das mozas coas que os canteiros se relacionaban. Só os canteiros estaban autorizados a coñecer esta lingua e a transmitila ós seus aprendices, sen que ninguén alleo á profesión puidese ter acceso ó seu coñecemento, agás a muller do canteiro. Os gremios e a Sociedade de Canteiros mesmo instituíron duros castigos contra aqueles que lles ensinasen o latín a persoas á marxe do traballo da pedra.

Segundo algunhas teorías, esta fala conta cunha importante influencia dos canteiros “biscaíños”, chegados a terras galegas no século XVI para reconstruír os castelos derrubados polos Irmandiños e levantar templos, pazos e outros monumentos, o que se constata pola destacable presenza de palabras en vasco. Podemos comprobar este influxo en palabras como *arria* (pedra), que procede da voz vasca *arri*, *chacurro* (can) que provén de *txakur*, *guiche* (pequeno), que semella vir do termo vasco *gutxi* (pouco), ou mesmo na denominación de *argino* (canteiro), que se compón de *ar* (pedra) e *gino* (preparador). Segundo outras teses, a xerga dos arxinas ten as súas orixes en diferentes linguas. Así atopamos palabras de procedencia diversa: latín, grego, vasco, francés, castelán, catalán. Probablemente foron as tempadas migratorias noutras terras –onde eran moi solicitados para obras de certa importancia– as que lles deron oportunidade ós canteiros de enriqueceren o



idioma mediante a asimilación de palabras alleas, que se mesturaron ou intercambiaron coas xa existentes.

Como toda fala gremial, ten voces que son meras deformacións do galego, como as palabras ás que se lles engade o prefixo DE (*demundo*), o sufixo EMES (*chuvie-mes*) ou a verba OBAY (*historiemes obay*). Outra peculiaridade desta fala é a combinación do verbo ORMEAR, coas súas variantes ULMEAR, OLMEAR, URMEAR, cunha palabra rematada en -illa que lle dá o sentido: *ormea de cantadilla* (canta), *ulmeou de seguidilla* (seguíu), *olmeaba de xuntadilla* (xuntaba).

O vocabulario desta fala está formado por palabras relativas ó traballo, ás relacións afectivas e á vida cotiá como auga, viño, día, noite, diñeiro, madeira... e outras que teñen relación co feito de beber, traballar, falar ou saber.

Deste latín téñense recollido arredor de 4.000 palabras. Moitas outras perdéronse por mor da transmisión oral desta lingua, o que se explica polo condicionante do segredo gremial dos canteiros e a súa deficiente formación escolar.

De seguido, temos un exemplo dunha copla no latín dos canteiros:

Jina racha, jina racha
jina si queres jinar:
si foras lus de keikoa
nexo xerías esperar

Chega noite, chega noite
chega, se queres chegar
se fose día de festa,
non te farías esperar

Os canteiros tiñan tamén algúns outros códigos secretos de comunicación, como o que consistía en dar golpes co pico na pedra, que utilizaban en casos especiais de necesidade. Outro era o de “daragua”, que consistía en pronunciar a palabra “auga” cunha entoación especial, o que significaba perigo ou alerta. Este sistema tamén se emprega noutras xergas.


OS SIGNOS LAPIDARIOS

Os constructores do medievo deixaron nos muros de igrexas, pontes e perpiaños de catedrais, unha estraña linguaxe de signos con deseños moi similares en lugares tan afastados coma Baiona, Chartres, Santiago de Compostela ou Colonia. Hainos moi sinxelos: frechas, segmentos, círculos, espirais, liñas rectas... Outros amosan unha grande inventiva e fermosura; algúns aparecen sos e outros en gru-

po; poden ser abstractos ou representar animais, caras ou edificacións. Algunhas marcas de cantería teñen un fin utilitario: son indicacións relativas á canteira, á posición do bloque de pedra, ás xuntas, ou ás caras da peza labrada, que se denominan leito, sobreleito, paramentos e cabezas. Un bo número delas teñen un carácter gremial, xa que na Idade Media os gremios esixían a miúdo que os símbolos dos seus oficios aparecesen inscritos na pedra. De aí a presenza de deseños de ferramentas e outros útiles como agullas de coser, redes, peites e áncoras en monumentos e sepulturas.

O certo é que estes signos constitúen un misterio que dá lugar a todo tipo de teorías: iniciais do nome, indicadores de calidades da pedra, taboleiros de xogo con fins lúdicos, sinatura do canteiro para cobrar o traballo, pedras dadas en doazón para a construción de determinada obra, interpretacións astrolóxicas, etc. A opinión maioritaria afirma que algúns signos lapidarios son a xustificación do labor realizado, unha marca de identidade para a remuneración do traballo feita cun trazo simple e relativamente basto que demostra o seu valor funcional. Outras teorías identifícanos cunha marca de garantía propia de cada corporación de canteiros. Como vimos ó falar do latín dos canteiros, o segredo unía fortemente ós membros do gremio. Non debe resultar estraño pois que cheguen a nós estes signos cargados de misterio.

Signos utilitarios



MARCAS DE LEITOS




MARCAS DE SOBRELEITOS



MARCAS DE PARAMENTOS

Marcas de canteiro




OBRAS DOS CANTEIROS

Ademais de levantaren casas, pazos ou igrexas, os canteiros tamén se ocupaban doutras obras, algunhas delas máis relacionadas coa devoción popular, onde tiñan a posibilidade de desenvolver todo o seu potencial artístico. Estamos a referirnos ós cruceiros, petos de ánimas e fontes.

po; poden ser abstractos ou representar animais, caras ou edificacións. Algunhas marcas de cantería teñen un fin utilitario: son indicacións relativas á canteira, á posición do bloque de pedra, ás xuntas, ou ás caras da peza labrada, que se denominan leito, sobreleito, paramentos e cabezas. Un bo número delas teñen un carácter gremial, xa que na Idade Media os gremios esixían a miúdo que os símbolos dos seus oficios aparecesen inscritos na pedra. De aí a presenza de deseños de ferramentas e outros útiles como agullas de coser, redes, peites e áncoras en monumentos e sepulturas.

O certo é que estes signos constitúen un misterio que dá lugar a todo tipo de teorías: iniciais do nome, indicadores de calidades da pedra, taboleiros de xogo con fins lúdicos, sinatura do canteiro para cobrar o traballo, pedras dadas en doazón para a construción de determinada obra, interpretacións astrolóxicas, etc. A opinión maioritaria afirma que algúns signos lapidarios son a xustificación do labor realizado, unha marca de identidade para a remuneración do traballo feita cun trazo simple e relativamente basto que demostra o seu valor funcional. Outras teorías identifícanos cunha marca de garantía propia de cada corporación de canteiros. Como vimos ó falar do latín dos canteiros, o segredo unía fortemente ós membros do gremio. Non debe resultar estraño pois que cheguen a nós estes signos cargados de misterio.

Signos utilitarios



MARCAS DE LEITOS




MARCAS DE SOBRELEITOS



MARCAS DE PARAMENTOS

Marcas de canteiro




OBRAS DOS CANTEIROS

Ademais de levantaren casas, pazos ou igrexas, os canteiros tamén se ocupaban doutras obras, algunhas delas máis relacionadas coa devoción popular, onde tiñan a posibilidade de desenvolver todo o seu potencial artístico. Estamos a referirnos ós cruceiros, petos de ánimas e fontes.

Os cruceiros

Dado que a cruz é o símbolo fundamental do cristianismo, é probable que a orixe dos cruceiros estea na intención de cristianizar lugares e monumentos. Pénsase que son unha creación gótica, que acadou o seu maior esplendor no barroco, cando a construción dun cruceiro se converteu no medio de gañar indulxencias, é dicir, conseguir o perdón dos pecados gracias ás oracións rezadas polos fieis en favor da alma de quen impulsou o levantamento do cruceiro. Ademais de seren obras de arte, os cruceiros cristianizan lugares perigosos e sérvenlle de protección e guía ós camiñantes; de aí a súa localización en encrucilladas de camiños, lugares onde tivo lugar algún crime ou traxedia...



Cruceiro de Soutelo-Rubiáns, Vilagarcía, ano 1681

Rutz

Os petos de ánimas


Os petos de ánimas son a manifestación do culto ós mortos e da devoción polas ánimas. Consisten nuns nichos de pedra cun retablo en relevo onde aparecen as almas en actitude suplicante, e na parte superior a Virxe do Carme, San Francisco ou Santo Antón. O retablo está colocado sobre un pedestal que contén un peto para recoller esmolas que se ofrecen ás ánimas no Purgatorio para que acaden o descanso eterno e intercedan por quen fixo a ofrenda.



As fontes

A variedade de fontes abrangue dende as moi sinxelas ás máis traballadas. As máis simples chámanse de manancial ou mina e constan dun depósito onde se recolle a auga. Dentro das fontes de cano, algunhas consisten nunha columna feita de cantería de onde sae o cano e un pío na base. Adoitan ir rematadas cun elemento relixioso para cristianizalas e facer esquecer os cultos pagáns dos que eran obxecto.


Outras obras que cómpre mencionar son as pontes, muíños, hórreos, balaústres e reloxos de sol.



As fontes

A variedade de fontes abrangue dende as moi sinxelas ás máis traballadas. As máis simples chámanse de manancial ou mina e constan dun depósito onde se recolle a auga. Dentro das fontes de cano, algunhas consisten nunha columna feita de cantería de onde sae o cano e un pío na base. Adoitan ir rematadas cun elemento relixioso para cristianizalas e facer esquecer os cultos pagáns dos que eran obxecto.

Outras obras que cómpre mencionar son as pontes, muíños, hórreos, balaústres e reloxos de sol.



BIBLIOGRAFÍA

BAS LÓPEZ, B. (1983): *As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia*, Edicións do Castro, Sada

CISNEROS CUNCHILLOS, M. e GONZÁLEZ PENA, M.L. (1990): “El trabajo de la piedra: Calatorao”, *Narria*, 51-52

FILGUEIRA VALVERDE, J. (1976): *Los canteros gallegos*, Palacios, Vigo

FONTOIRA SURÍS, R. (2000): *Fábricas de cantería*, Deputación de Pontevedra

GARCÍA ALÉN, A. (1956): “Vocabulario de los canteros de Pontevedra”, *El Museo de Pontevedra*, tomo X

LIS QUIBÉN, V. (1957): “Cancionero y refranero de los canteros de Galicia”, *Boletín da Real Academia Galega*, tomo XXVIII

LIS QUIBÉN, V. (1963): “La jerga de los canteros de Galicia”, en *Actas do I Congreso de Etnografía e Folclore*, Juntas da Açcao Social, Lisboa

LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1979): “Etnografía. Cultura Material” en Otero Pedrayo, R. (dir.), *Historia de Galiza*, vol. II, Akal, Madrid
















MARTÍNEZ ROSSY, I. et alt. (1986): *Caleros y Canteros*, Ediciones de la Diputación de Salamanca

OLANO SILVA, V. de (1951): “Os canteiros”, *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo IV

RODRÍGUEZ FRAÍZ, A. (1982): *Canteiros e artistas de Terras de Montes e Ribeiras do Lérez*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra

TORRE MARTÍN-ROMO, R. de la (1986): “As marcas na pedra: a gliptografía na provincia de Pontevedra” en *V Coloquio Internacional de Gliptografía*, Poio (Pontevedra)

V.V.A.A. (2000): *Os canteiros: actas das xornadas celebradas en Parga*, Brigadas en defensa do Patrimonio Chairego



Patrocina:



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL
E TURISMO

